

DOMINGO INFRAOITAVA DE NADAL A

SANTA FAMILIA DE XESÚS, MARÍA E XOSÉ

PRIMEIRA Sir 3, 3-7. 14-17a (gr. 2-6. 12-14)

Quen teme ao Señor honra aos pais

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

O Señor honrou ao pai máis que aos fillos
e afincou o dereito da nai sobre o dos nenos.
Quen honra a seu pai redime as culpas.
Quen enxalza a súa nai é coma quen atesoura.
Quen honra a seu pai gozará dos fillos
e cando vaia pregar será atendido.
O que respecta ao pai terá vida longa
e quen obedece ao Señor daralle consolo a súa nai.
Meu fillo, persevera no honrar a teu pai,
non o desatendas nos días da túa vida.
Aínda que perda o xuízo, tenlle miramento
e non o aldraxes todo o tempo que viva.
O ben que se lle faga a un pai non será borrado,
hache valer coma compensación do pecado;

SALMO RESP. Sal 127, 1-2. 3. 4-5.

R/ (cf 1): Ditosos os que temen ao Señor e van polos seus camiños.

Ditosos os que temen ao Señor
e van polos seus camiños.
Cando comes do froito das túas mans,
ditoso ti e afortunado.

A túa muller é coma parra fecunda
no medio da túa casa.
Os teus fillos coma gromos de oliveira
arredor da túa mesa.

Así é bendito
quen teme ao Señor.
Bendígate o Señor desde Sión,
que vexas na prosperidade a Xerusalén
todos os días da túa vida.

SEGUNDA Col 3, 12-21

Vida familiar na presenza do Señor

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS COLOSENSES**

Irmáns e irmás:

Coma elixidos de Deus, santos e benqueridos, revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia. Aturádevos uns aos outros e perdoádevos, cando un teña queixa doutro; coma o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós. E, por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva a perfección. Que a paz de Cristo governe os vosos corazóns, xa que a ela vos chamaron coma membros dun mesmo corpo. Sede tamén agradecidos.

Que a palabra de Cristo habite en vós con toda a súa riqueza. Ensinádevos e alentádevos uns a outros o mellor que saibades. Co corazón cheo de agradecemento cantádelle a Deus salmos, himnos e cántigas inspiradas. E todo canto fagades, de palabra ou de obra, facédeo para honra de Xesús, o Señor, dándolle grazas a Deus Pai por medio del.

Fillos, sede ben guiados en todo cos vosos pais, que isto é cousa agradable ao Señor. Pais non asoballedes os vosos fillos, para que non saian coitados.

ALELUIA Col 3, 15a. 16a

Que a paz de Cristo reine nos vosos corazóns;
que a palabra de Cristo habite abundantamente en vós

**DOMINGO INFRAOITAVA DE NADAL A
SANTA FAMILIA DE XESÚS, MARÍA E XOSÉ**

EVANXEO Mt 2, 13-15. 19-23

Toma ao neno e á súa nai e escapa a Exipto

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, en canto se foron os magos, un anxo do Señor apareceulle a Xosé en soños e díxolle:

-Érguete, colle o neno e maila nai e fuxe para Exipto. Non te movas de alí ata que eu te avise, porque Herodes vai buscar o neno para acabar con el.

Xosé ergueuse, colleu o neno e maila nai, pola noite, e alá se foi para Exipto. Alí permaneceu ata a morte de Herodes, cumpríndose así o que dixeran os profetas:

-Chamei o meu fillo para que saíse de Exipto.

En morrendo Herodes, o anxo do Señor aparecéuselle en soños a Xosé en Exipto e díxolle:

-Érguete, colle o neno e maila nai e volve para a terra de Israel, que xa morreron os que querían acabar co neno.

Ergueuse Xosé, e collendo o neno e maila nai, foise para a terra de Israel. Pero, ao saber que Arquelaos reinaba en Xudea, en lugar de seu pai, sentiu medo e non se atreveu a ir alá. Avisado en soños, marchou para a banda de Galilea, indo vivir a unha vila chamada Nazaret. Cumpriuse así o que dixeran os profetas: que se chamaría nazareno.